



Vázquez, D.
IES de Viós

Narrativa

O Cambio Climático

Dende o ano 1950, a emisión de dióxido de carbono á atmósfera aumentou en gran cantidade debido ós gases que emitían os automóviles. Dende aquela, o CO₂ seguiu aumentando en gran cantidade, atrapando a radiación calorífica que emite a Terra e por conseguinte aumentando o chamado efecto invernadoiro.

Nós e os gobernos temos que adoptar algunhas medidas, coma as seguintes:

- Hai que utilizar o transporte público en vez dos automóviles.
- Cando teñas que ir a un lugar cercano, utiliza a bicicleta ou vai andando.

Os gobernos adoptan protocolos, coma o protocolo de Kyoto. Neste protocolo propuxéronse diferentes medidas como:

- Utilización de enerxías renovables como a enerxía eólica ou a enerxía solar.

As medidas anteriores, establecéronse para reducir a emisión de dióxido de carbono á atmósfera.

Os expertos, din que dentro de 15 anos, os polos Norte e Sur, desaparecerán a causa do dióxido de carbono, e as costas onde viven a maior parte da poboación mundial poden verse afectadas pola subida do nivel do mar. O futuro do noso planeta, está nas nosas mans, se non o coidamos, corremos o risco de destruílo.

¡Coida o planeta terra!

Alumno:

Diego Vázquez Candal

Lema:

Todos podemos colaborar no coidado do planeta

Descrición:

Causas do cambio climático e conciencia de que todos nós podemos colaborar na destrucción ou coidado do planeta.

Centro:


IES de Viós

Curso:

1º ESO

González, P.; Graham G.
IES de Viós

• Debuxo



Alumno: Pablo González Fernández, Gabriel Graham Tarry Bak

Lema: Non destruas o planeta

Centro: IES de Viós

Curso: 1º ESO

Descrición:

Causas e consecuencias do cambio climático



Vicos, A.
IES de Viós

Poesía

Un día de enchentes

HOXE É UN DÍA DE ENCHENTES,
ENCHENTE NO EBRO,
ENCHENTE NO DOURO,
ENCHENTE NO TEXO,
FERIDOS,
MORTOS,
ANGUSTA TOTAL,
NINGUÉN CON CASA,
NINGUÉN CON COMIDA,
NINGUÉN CON DÍNEIRO,
ANGUSTIA TOTAL,
TODOS NOS TELLADOS,
ALGÚNS EN BARCAS,
PERO NINGUÉN NA AUGA,
ANGUSTIA TOTAL.



Alumno:

Ángel Vicos Fernández

Lema:

Tempo para a poesía...poesía para o tempo

Descrición:

Angustia Asociada a un día de enchentes

Centro:

IES de Viós

Curso:

1º ESO

González, P.; Graham, G.
IES de Viós

Narrativa



O CAMBIO CLIMÁTICO. CONSECUENCIAS DO QUECEMENTO DO PLANETA

A terra estáse a quecer por mor da acción do home. Nas últimas décadas obsérvase unha tendencia ascendente da temperatura media da Terra. Isto ten moito que ver coa emisión de gases á atmosfera como resultado da combustión do carbón e do petróleo. O quecemento da Terra trae como consecuencia o cambio climático e iste unha serie de cambios no

planeta como son:

- que a perda de superficie xeada dos polos e a desaparición dos glaciares suban o nivel o do mar afectando ás zonas costeiras e as illas
- que os animais e persoas que viven no ártico tamén se vexan afectadas
- que aumenten os desertos

O cambio climático xa está sucedendo e agora o único que podemos facer é limpar o planeta e usar enerxías renovables, veña... ADIANTE!!



Alumno:

Pablo González Fernández, Gabriel Graham Tarry Bak

Lema:

Reflexión sobre o tempo

Descrición:

Causas e consecuencias do cambio climático

Centro:

IES de Viós

Curso:

1º ESO